

ORDENANZA FISCAL Nº 2

Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas

Artigo 1º. -

De conformidade co previsto no artigo 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os coeficientes de situación establecidos neste Concello serán os que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º. - Coeficiente de situación.

1. Sobre a cota resultante da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a seguinte escala de coeficientes que pondera a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique:

Rúas de primeira categoría:	2,50
Rúas de segunda categoría:	2,10
Rúas de terceira categoría:	1,80
Rúas de cuarta categoría:	1,60

2. A efectos do previsto no artigo 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as vías públicas ou zonas do Concello de Cambre, clasifícanse en catro (4) Categorías Fiscais:

- Categoría 1ª : rúas e demais vías públicas das parroquias de Cambre, Sigrás, O Temple e Polígono Industrial do Espiritu Santo (Cecebre).

- Categoría 2ª: rúas e demais vías públicas das parroquias do resto de Cecebre, Ancéis, Cela, Pravio, Brexo-Lema e Bribes.

- Categoría 3ª: rúas e demais vías públicas da parroquia de Santa María de Vigo.

- Categoría 4ª: rúas e demais vías públicas da parroquia de Andeiro.